


15-3-27

Núm. 39

nós

CASTELLAS



BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO

Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO

Alfonso R. Castelao

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.^o - A CRUÑA

ABONAMENTO

| | |
|----------------------------|-------------|
| Doce números, na Península | 6 pesetas. |
| Fora da Península | 15 .. |
| Número solto na Península | 1 .. |
| Na Arxentina | 60 centavos |
| En Cuba | 30 .. |

Este boletín non publicará mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas nxeles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

NOTA

SUMARIO

Os europeos en Abrantes, por Vicente Risco.

A volta, por R. Otero Pedrayo.

Papeletas pra un inventario das mámoas galegas, por F. L. Cuevillas.

Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza

Notas de arqueoloxía e folk-lore arousáns, por F. Bouza Brey.

Glosas hestórecas, por M. Bergueiro.

Os homes, os feitos as verbas, pol-a Redaución.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES, DISCOS
AOULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

VICENTE RISCO

ABOGADO

Sto. Domingo, 47-2.^o OURENSE



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano IX

Ourense 15 Marzo 1927



Núm. 39

OS EUROPEOS EN ABRANTES

EPOPEIA EN PROSA

ABRANTES. ANTES DA IMIGRACIÓN EUROPEA

A historia esta non é a da colonización d'Abrantes, anque pareza que leva ese camiño. Dende a sua fundación, Abrantes tiña estación do camiño de ferro, Casa-coartel da Guardia Civil e mais estanco. Non é o *Poble Gris* de Santiago Rusiñol, porque é moito mais pequeno. Nin é aldea, nin é vila, nin é cibdade. Non ten historia nin falla que lle fal; millor dito, a verdadeira historia d'Abrantes é a químos contar.

Procedamos con orde: Abrantes áchase sobre a ribeira do río Miño polos seguintes valados: un gran coñal queimado pol-o Sol; unhas velgas de millo resquido e poeirento; o camiño de ferro co seu leito de coyo partido, e mais a estación. O lugar compónese de caxeiras, unha dúzia de casas, ó longo d'unha estrada poeirenta, chantada d'acacias de bola. Por frente ó río, ergues' un monte pelado e negro, pol-o que ruifran as cabras, s'as houbera. A flora é pouco variada, agás as acacias de bola y-o millo, medran na aba do monte, fentos e carpazas, e arredor da estación e das casas danse as ortigas. A fauna compónese d'algúns has pilas, unha vaca, un porco e unha borrica; ademais, en cada casa hai uns cantos cás; en cada cama, unha chea de chinches, y-en

todas partes unha infinita de moscas. Tocentes á poboación humana; anqu'aixita coñece un a todos, non se pode calcular ben o número d'almas.

Socialmente, a poboación dividese en tres clases: a alta é o médeco; a médeca o xeñe d'estación e o cabo da Guardia civil, e a baixa todolos demás. Esta división tripartida fundase na consideración social, mais pódese facer outra antr' elemento militar e o civil, outra antr' a clás industrial e a clás agraria etcétera, porqu' Abrantes é un mundo en pequeno. En Abrantes non hai costumes... Os homes xúntanse na tenda, onde venden viño e graxas. O viño, cand'hai colleita no país, é agrio; cando nona hai, é composto. As graxas teñen a temperatura do tempo: quentes no vraelo e frias no inverno. As mulleres xúntanse nas portas. Os nenos e os cás xúntanse en todas partes.

Com'as graxas, así é o clima d'Abrantes: no inverno é un laizar, no vraelo é un inferno. O vraelo d'Abrantes é bíblico: é unha praga, é as dez pragas d'Exipto... Entón o río descobre outro tanto coñal que fumeiga ó sol: aquela é a *concha* d'Abrantes. As moscas veñen en nubes negras com'a langosta, a pegárense na porta da tenda, nos caras dos abraneses, no pescoco da vaca e da burra, nas paredes, nas mesas, nas graxas, no caldo e no viño... Cada un que pasa - cáxeque solo nenos e cás - vai envolto nunha polvorina qu'o fai

nvisible. Os abranteses, non podendo faguer outra cosa, sudan. Si outro exercicio fan, morren.

Auga n'hal mais qu'a do rio. Alá van apañala as mulieres, dand'un arrodeo de dous kilómetros pra non pisaren os coños ardendo; cando chegan á casa a mitade da y-aña secou, e a outra ferve, de xeito que cáxeque non compre acendel-o lume pr'caldo. Mádia levan, porque coma non hai leña, os abranteses non quelman mais que caixós de fideus e de tabaco, pródicos vellos e canas de besoira.

O problema da manutenza en Abrantes resolvese dun xeito ben sinxelo: verduras, nonas hai, logo, fóra o rétame vexetariano. Tampouco hai leite, y-os óvos vénense pra fóra. En froques, un día á semán, pódese mercar carne a légoa e media d'Abrantes, si un chega a tempo. O pan ven cada tres ou catro días á tenda, onde tamén hai pastas ranciosas pr'a sopa, e latas de sardiñas pre-históricas. En parte, iste sistema d'abastecemento tan sinxelo e tan doado, débese ó celo d'Autoridade municipal, quen fendo coma tén unha tenda no lugar cabeza do Asembleamento, nada más de caixón: os d'Abrantes áchanse moralmente, e inda materialmente obrigados a se surtiren nela, inda que non fora mais que por respeito ó principio d'autoridade.

Mais non valades pensar qu'as condicíos económicas, sociás e políticas d'Abrantes cambearon en nada pol'o feito trascendental qu'imos referir. Abrantes, despois da imigración europea seguiu sendo así. Non por elo deixou aquil feito de ter fondísimas secuencias históricas; elas han seren deducidas ó seu tempo.

II

O MÉDECO D'ABRANTES

O Doutor Andrade era o único funcionario civil d'Abrantes. Era o médico municipal, mais vivia ali por apego ó camiño de ferro. Non iba nunca no tren; cando quería ir á capital da provincia, montaba nun carricoche c'un caballo, e iba visitar no cabalo sólo. Mais o camiño de ferro era un adianto, y-ademais, il estaba rifado co alcalde... Xentes incultas e retrógradas! En froques en Abrantes non había eirexa,

nin crego, nin romerías, nin enterros; era un pobo moderno, todo *vías de comunicación*: estación co seu telégrafo, o coche das graxas, a bicicleta do fillo do enbo da Guardia civil, y-ainda que non houbre estación telefónica, pol'o menos viñanse pasar os fiós...

O Doutor Andrade amaba con peito afervoado a Eletricidade, o Vapor, o Magnetismo, a Mecánica e a Sueroterapia. As demais cousas eran andrómenas, froito da ignorancia das éclades bárbaras: Deus era un espantallo pr'espotar ó pobo; a arte unha brincadeira pr'os nenos; a Teoxia, a Astronomía, a Filosofía, Iatínrios prás vellas e prós cregos; a y-alma nona atopara endexamais na punta do escalpel...

O Mr. Homais de Flaubert, o Dr. Pascal de Zola, asustábanse, se chegan a falar co Doutor Andrade.

O Doutor Andrade estaba suscrito á *Revista d'Occidente*. Non era vulgar. Ademais, dábase co todos, e falar, falaba de rayo... C'os empregados da estación, falaba de máquinas e d'organizações societarias; c'os labregos, d'agricultura e d'abonos químicos, e co cabo, discutía o problema nazional.

O Doutor Andrade non vivía porén, conforme ós adiantos modernos: tiña unha casa de ladrillo, feita por il, con teitos a tella vía, e o mobiliar d'un anacoreta. Mais emporiso, hiper-trofiáraselle o instinto da propiedade ate chegar a un xeito d'enrabachamento e d'agresión. Porqu'un rapaz sacou un guizo d'un feixe que tiña no coidado, sacou o médico pol-a fresa unha carabina de dous canos... A xente tiñalle medo. E non era pra menos: había que velo chegar moiado no seu cabalo e c'un salakoff na cabeza, que mesmo puña respeito...

O Doutor Andrade era un gran médico. Sabía, tiña bó ollo, operaba ben. E ainda mais: curaba ós enfermos. Mais nonos curaba precisamente cos seus remedios: curábaos con *palabras técnicas*. Espicábeles a doença que tiñan, as causas, o tratamento; falaba de pulsacíos, de curvas térmicas, de leucocitos, de bellarro-conxuntivitis e de suero antiestractocélico, y-o doente embobado, convencias e sandaba. Sen se deprocatare, o Doutor Andrade curaba por médeo d'ensalmos e desconxuros; mais ben que médico era exorcista... O que mais sona lle deu era o que fagula cando pasaba por un lugar de moita pressa: sen bai-

xar do cabalo que montaba que lle sacaran o doente á porta da chouza, e tomábell'o pulso coa punta da fusta... D'iste xeito sandou a moitos. Era unha meiciña futurista.

O certo - y-elqui ven o verdadeiramente esotérico da cencia do Doutor Andrade - é qu'iste tiña unha ideia moi mais alta dos destinos da clás médica. Na aldea non. Antr'aquelas xentes rústicas e ignorantes, o médico tiña que seguir sendo o sucesor mais ou menos centífeico do vulgar manciñeiro. Mais nas cibdás, o Protomedicato estaba destinado a tirarlle á Eirexa a dirección das concencias, a seguir o dono da sociedade moderna com' o Crero o foi da antiga, á impôr o xugo da cencia á estas xeneracións d'aprensivos e neurasténicos, com'as vellas xeneracións de timoratos sofriren o do dogma, a sustituir o prexuízo relixoso pol-o prexuízo hixiénico. A revolución principiara xa; xa se vien erguer as construcións sumtuosas das clínicas, dos sanatorioiros, dos laboratorioiros, as *maus mortas* da cencia, consumindo os cartos qu'enantes acaparaban os mostelros. Xa o médico metiase en lugar do xesuita no consello privado das señoritas da boa sociedade; xa se daba mais importancia á consulta que non á confesión; xa case que ninguén creía no demo, e todos creían nos microbios... Xa s'achaba perto o trunfo da futura relixon de Hixiene, o reinado glorioso da Asepsia, a Antísepsia e a Profilaxia, que ó fin han salvado a Humanidade da doença e da ignorancia, y aseguraron a supremacia social do Médico, concluindo d'unha vez pra sempre coa tirania ominosa do Sacerdote...

E ill? Don Severino d'Andrade e Teixeiro, Doutor en Medicina e Ciruxía, ex-alumno interno do Hospital de Santiago, do Istituto Rubio e da Clínica do Dr. Azúa, él estaria destinado a vel-o trunfo da Cencia dende lonxe, dende Abrantes, estación do camiño de ferro da liña d'Oria á costa galega, sen fundar un Sanatorio, sen publicar unha memoria, sen dar un curso de conferencias? ...Vel'eiqui a traxedia segreda do Doutor Andrade.

III

O CABALO DO MÉDECO D'ABRANTES

Non puxemos a iste ser portentoso e increí-

bre, nin antr'a flora, nin antr'a fauna, nin antr'a cristiandad d'Abrantes, porqu'iste qu'a xente chamaba cabalo, anque vivia, e de milagre non pertencia en rigor ó mundo dos vivos, senón mais ben ó dos espíritos. Er'un persoaxe de mesa xiratoria que nin catalogou Paracelso, nin intuiu Swedemborg, nin sospitou Allan Kardec. Era o úñeco estranho, o úñeco anormal, o úñeco qu'en Abrantes estaba ceibe de toda vulgaridade, o úñeco realmentes espiritual qu'alí había.

Lembrade o espeítro hipico no que vai montada a Gadeñadora, no *Trunfo da Morte* de Brueghel o Vello, e daravos unha ideia d'aquell esqueleto de cabalo que levaba unha peleja pelada, comesta da polilla, adautada com'unha funda ós ósos limpos... Sonzalaba un cabalo d'aramio, un saltón sen ás nin ventre, unha bicicleta que llera patas en lugar de rodas... Era un cabalo sumisimo, sen mais órgaos qu'os estruturalmente indispensables para locomoción, sen ningún de nutrición, que sen dúbida perdera por lle non seren útiles, por seren se cadra indíxios do cabalo perfeito, que nia debé comér, nin beber, nin arder, senón somentes correr; un cabalo reducido a unha soila función, un cabalo rigurosamente centífeico.

Era un cabalo-pantasma, tan líxeirísmo na sua masa, coma nos seus movementos. Sostíñase nas suas catro patas por un verdadeiro milagre de levitación, e tan pouco pesaba, que non deixaba na terra a mirada das pisadas. Esbaraba com'as fadas e com'os nubeiros. Era a sombra indecisa d'un faco inveterosímile, mais apesar da suprema tuberculosis, da atonia mortal da qu'era acabado a embriana, o cabalo do médico d'Abrantes traballaba. Entroques de ser unha besta de campa e de luxo, servía para silla e mais para tirar. Voaba com'unha palla no vento... D'onde senón da sua falla ausoluta de peso, podía sacar forzas pra correr co médico a carranchaperna, e mais pra turrar a un tempo pol-o coch e o médico? De certo non se sabía ó vlo s'era insuado ou cadrado, e sonzales os veciños d'Abrantes, non moi agudos d'entendemento, podian asegurar, porqu'os eran pol-a fé, qu'era aquell un cabalo.

Moralmente era un ascela o cabalo do médico d'Abrantes. Pode qu'enantes llera pecado moi, mais de tolois os xeitos, Abrantes foi pra il unha Tebaida esploratoria e sancta que

d'as suas virtudes abrironse como ledas froles de penitencia. Facer, fixo méritos d'abondo pra conquerir un ceo, ou pol-o menos un limbo axeitado á sua y-alma de besta padecente. Era un fakir, era o Pappus da sua especie, que vivia do aúno, úneca mantenza que lle daba a Providencia, qu'o qu'é o médeco non lle daba senon traballo. Era o *hipocamaleon*, era unha illusión, era un soño feito ósos...

Aquela besta heróica viviu en Abrantes a epopeia da fame, sen protesta, sen unha queixa, sen relincho nin couce... Ningún soupo apreciar-as virtudes escelsas d'aquil ser singular. II tempouco dixo á ninguén o poema segredo dos seus sonhos, nos que sin dúbida, a memoria da especie lembraba as lameiras, as touzas, as gándaras sen fin por onde brincaban as egoadas ancestrás... porqu'il non coñecía os *pensos racionás*, nin os *establos modelo*, nin nada: non leera o tratado que liña en prensa o Sr. D. Horacio Bonet catedráteco d'Agricultura do Instituto xeneral e técnico d'Oria, chamado a sel-a Biblia da Zootecnia futura.

É ademais o úneco persoaxe d'esta narración que tivo un fado tráxico e un épico final, na ocasión memorabre en qu'Abrantes estivo a piques de figurar na Historia...

A posteridade faralle xustiza.

IV

O ATÉNEO DE ORIA

Xa se sabe qu'Europa linda pol-o Norte co Océano Glacial Ártico, pol-o Este co Río Kara, os Montes Urales, o Río Ural e o Mar Caspio; pol-o Oeste co Océano Atlántico, e pol-o Sur co Cáucaso, o Mediterráneo e os Pirineos. O apéndice chamado Península Ibérica, arredado d'Europa por cinco séculos de cultura, pertence espiritualmente ó Sáhara.

Non embargante, niste deserto hai algúns oasis, e un d'estes oasis é o Ateneo de Oria. No Ateneo de Oria penetrou a corrente central do pensamento europeo.

Hai anos, xuntábanse n'un currunchón do *fumoir* do Casino d'Oria, lonxe do tresillo, das caramolas e do chameo, mèda ducha de catedrátecos do Instituto. Elí falábasen de cousas trascendentás, serias y ergueltas: os Tribunais

NOS

d'oposición, o escalafón ou os quinquenios, as permutes, as Reales órdes, a teoría de Darwin... A xente deu en chamar a aquil corru-chiño o *Ateneo*.

Falar nalgúns vites do Ateneo é coma quen fala á un tempo do Olimpo e do Parnaso. Nin un Congreso Pedagóxico, nin ús Xogos Prórroga teñen tanto prestízo. O Ateneo é o connubio augusto da Cencia coa Eloquencia, adornado por todolos *síntomas forzados da seriedade*.

Aquil alcume respeitoso foi a *Idela-forza* que deu pulo á verdadeiro Ateneo de Oria. O Rexente da Escola Normal que profesaba o culto da atildada frase, espuxo a ideia en *El Porvenir de Oria*. II propunha que s'organizasen *sabatinas*, ou sexa xuntanzas semanás, os sábados, e nelas, cada un disertase en col d'un tema determinado. De todolos xeitos, a ideia obrou. Os europeos d'Oria díñaronse to-mala en consideración. Agora ben, a cousa cumpría meditala. Porque si no elemento antigo atopaba partidarios a ideia das *sabatinas*, o elemento moderno, dirixido pol-o Inspetor d'Escolas, procedente da Superior do Maxistério, quería mais ben, un labor de trascendencia social. O millor era unha Universidade Popular, con clases praobreiros e unha Biblioteca Circulante, onde cada un atopase os coñecimentos de más aplicación ó seu oficio: o agricultor, o cultivo das vides americanas; o carpinteiro e co noso d' barnices; o tendeiro, os medios de recolección da trichina na carne de porco; o industrial o emprego dos motores de gás probe etc. etc. Nada de teorías, senón coñecimentos prácticos. Logo, nas conferencias semanás, debíase perseguir un fin educativo: esquecel-a Arte e más a Arqueoloxía, e falar de células, dos globulos roxos, de hidróxeno, de carbono...

Por fin chegouse a un acordo, gracias á unha gran vontade qu'interviu, disociou a *Idela-forza*; deixou ó Rexente a *Idela* e quedándose ill coa forza, por ela organou o Ateneo.

Todolos militares retirados qu'había en Oria, moltos rapaces do Instituto e algúns membros da Cámara de Comercio figuéreronse socios. Proceduse á organización. Principiaron por se abriren ás catro *Ilustraciones* (Española y Americana, Francesa, Inglesa e Italiana) e más á revista *Iberica*. Logo, entendéronse

c'un viaxeante catalán pr'encargaren pr'a biblioteca as *obras* seguintes:

O *Quijote*.

A *Historia Universal* de César Cantú.

A *Historia do Consulado y-o Imperio de Thiers*.

A Colección dos *Manuales Soler*.

O *Diccionario Salvat*.

Os *Episodios Nacionales* de Galdós.

A *Guerra de África* de Alarcón.

Houbo algunas discusións, porque os católicos querían a suscripción á *Hormiga de Oro* e os radicaes á do *Motín*. Mais todo veu a ben pol-a abnegazón d'uns e outros á prol da Cultura.

Por fin nomearon un Conserxe. Quen dá el-sistencia a unha sociedade, non son os socios, nin o Presidente, nin a Xunta, nin o regramento; é o Conserxe. Unha sociedade existe de que ten Conserxe, si pode ser, con galos. En tanto nomearon Conserxe, quedou constituido O Ateneo de Oria.

V

A TERTULIA NO ATENEO DE ORIA

O Ateneo de Oria inaugurouse c'unha serie de cinco conferencias sob'o Sistema Métrico Decimal, e seguiron outras de non menos fon-da trascendencia e novedade. Pr'a traxuel-a xente, maxinaron de mercar un aparato de cinema, e proxeutar películas antes e despois de cada conferencia, ademais, os socios fundadores comprometeronse solememente a levan-ten de cole ás suas familias á aquiles autos de cultura e ilustración. Proxeutábanse películas da casa Pathé, que representaban a *cria do verme da seda*, a *fabricación dos chapeus de palla*, o *sistema do planchado alemán* e outros asuntos d'instructivo e honesto entrete-nimento.

Os dias sollos os socios fundadores forma-ban tertulia arredor do braseiro. O que mais se metía n'il era Don Feliciano Folgoso, vello abogado cuios estudos sociaes encamiñados a restabrecel-a armonía entro o Capital e o Traballo, oblicheran mención honorifica en moltos certames. Todos o respeitaban, porque ade-mais era o Presidente do Ateneo. Iba tamén o seu amigo de toda a vida, o anticuario don Felisindo Gómez; o Rexente da Normal, don Xacinto Comes; o Notario, Don Xacobe da

Fontela que era aficionado á Física e ate tiña inventado un aparato pra demostrar a caída dos grases, que mandara a unha Exposición Nacional, e o director de *El Porvenir de Oria*.

O que nunca se chegaba ó braseiro era o Ispeutor d'Escolas.

- Vdes. estás? intoxicando co óxido de carbono - dicíalles.

Verá Vd., mi muy escelente si que también sabio amigo - respondia Don Feliciano Folgo-so - Vdes. los jóvenes que han sido educados conforme a los principios de la Higiene, han conseguido ya un cierto endurecimiento físico que les permite, por decirlo así, soportar las inclemencias del medio. No así los ancianos... Yo, como poseo tan escasa circulación periférica, los descensos termométricos me afectan con inusitada intensidad, que a Vds. les parecerá hiperbólica.

O Ispeutor d'Escolas era un home de 69 ki-los, talla 1'67, talla de busto 0'82, brazo 1'65, índice céfálico 75, perímetro torácico 92, leptotípico, leptoprosopo, iris medio, cabelo liso, escuro, pel branca, fórmula dentaria $\frac{4}{4} \cdot \frac{1-1}{1-1} \cdot \frac{5-5}{5-5}$, temperamento nervioso-sanguíneo-perfeta normalidade das funcións orgánicas, pulsaciós por minuto 68, sen antecedentes here-ditarios morbosos, sen hestoria clínica, 35 anos, solteiro. Observaba un réxime dietético mixto, vexetariano e ovo-láctico; tomaba ducha diaria e baño semanal a 32 grados, prau-ticaba a xinasia sueca sistema Meyer e masaxe cutánea e abdominal regularizador da función catabólica do intestino. Vestía en *El Águila* de Madrid, prendas soltas, sen tirantes, nin cinto, nin outra cosa que comprimira a cabeza, o tronco nin as estremidades, de xeito que deixaran funcionar libremente os órgaos e non im-pediran a circulación do torrente sanguíneo; camisa con cuello e puños de celuloide, boli-nas d'elástico con piso de goma, pra facilitar a desinfección cotián e pra impedir a humedad nos tarsos. Seunome, Don Xoán Pérez García.

Don Feliciano, infa que non frisaba moito co'il, recofecía qu'o Ispeutor d'Escolas repre-sentaba o *espírito novo* y-era o dono do por-vir... Don Felisindo, que non sabía as verda-deiras funcións do figado nin do bazo, nin enxergaba ben como se formaban as ima-xes na retina, tiñalle medo; tanto traballo coma il levara pra demostrar qu'a sepultura do lado

da Epístola na eirexa do mosteiro de San Martiño das Balgueiras, era a do cabaleiro Pay Feixón, benfeitor d'aquél mosteiro, que formaba con outros persoaxes o privilexio rodado de Don Alfonso IX de León ao dito mosteiro no ano 1229, e si agora resultaba que todo aquello non importaba nin valía pra nada?... Don Feliciano tranquilabao asegurándolle que a perfección da Cencia resultaba *del consorcio armónico de la tradición con las adquisiciones del espíritu moderno.*

Entroques o Notario D. Xacobe da Fontela, que contribuirá co seu modesto óbolo - o aparello pra demostrar-a caída dos graves presentado a unha Exposición Nacional - ó progreso moderno, que era membro da *Asociación Española para el Progreso de las Ciencias*, liña ó Ispeutor por un oráculo, e o Direitor de *El Porvenir de Oria* tamén era do *partido da Renovación*. Ainda estaba tentado a publicar no seu boletín unha serie d'artigos desenrolando a qu'o Sr. Pérez García chamaba ideia direitiva de todo progreso nacional: «vivir científicamente».

Mais a fórmula ésta aceutában tamén os partidarios do *consorcio armónico*, principalmente o Rexente da Normal e ainda o propio catedrático de Latin.

Somentes a contradecia de cara un rapaz, estudante de filosofía que coas suas distincións antró vital e o racional, as suas teorías do fracaso da razón, da conflinxencia das leis naturaes, e outras pol-o xeito, fagüía erguer protestas unánimes... Os sabios membros do Ateneo de Oria, non podían transixir coas doutrinas novas que viñan comprometer gravemente as bases incorrovibres en que descansa o Progreso Moderno.

Mais aló, no fondo segredo da sua y-alma, o anticuario Don Felisindo Gómez, acarriñaba unha vagarosa esperanza na continxencia das leis naturaes.

— VI —

O PROIEUTO DO MÉDECO D'ABRANTES

O mais radical partidario da renovación era o Médeco d'Abrantes. O Dr. Andrade iba duas ou tres veces ó mes á capital, decote visitaba a tertulia do Ateneo.

- Estamos d'acordo - beraba o Doutor - en qu'a perfección consiste en acomodarmos-nos a vida ós adiantos portentosos da Mecánica, da Electricidade, do Magnetismo, da Termodinámica, da Histoloxía, da Aerostática, da Bacterioloxía, da Psicofisiología, da Bioquímica e da Termoquímica: mais pra iso compre ceitar á Humanidade da ignorancia e do fanatismo que aleigan os miolos das probas xentes ás que non chegan as portentosas luces da Cencia Moderna...

- Por iso eu quisen o principio - respondeu o Ispeutor d'Escolas - qu'iste Ateneo fose un centro de cultura popular qu'espallara as luces da Cencia en todal-as clases socias...

- Ise labor - repricou o Dr. Andrade - é no campo ond'hai que faguelo. Eu confezo a vida rutinaria dos labregos...

- Si - concedeu D. Feliciano - , compre rotur arquiérmo espiritual.

- Eu mesmo - xemeu Andrade - atópome ali isolado, arredado da civilización e do progreso... Si tan xiquerá fivese con quen falas d'estas cousas... Porqué non s'aninan Vdes. á vir á Abrantes iste vran?

Os meirandes acontecementos, os feitos chamados a trocal-a face dos pobos e forcel-a marcha da Hestoria, penden ó millor d'unha ocorrência así. Quén iba pensal-as secuencias incalculables d'aquila supeta inspiración do Doutor Andrade? Deus il conta da trascedencia d'aquela ideia que ceibou respondendo a unha vaga cobiza, aseguir o qu'il pensaba, mais, en realidade, rempuñado pol-as leis eternas que rixen a fatalidade hestórica?

O caso foi qu'aquelas verbas tan sinxelas puxeron en todal-os espíritos, sen que d'elo se decatasen ben os señores alenteistas, o tremor de presentemento e d'agoiro que precede ás grandes resolucións. Un silenzo solemne fixose na doura asamblea...

Ó cabo, o Ispeutor d'Escolas, pillou o queixo con dous dcdos da man direita, e dixo:

- Pois sabe que non estaría mal.

O Dr. Andrade espuxo entón como Abrantes xuntaba as mais doadas condicións pra veranearen persoas cultas; ó pé do río pra se bañaren; tres tréns diarios, alimentos sans, estrada con acacias, etc., etc. Unhos meses de descanso, de convivencia coa natureza, virían ben a todos; irían todol-os presentes, e mais

NOS

o catedrático de Latín, que non estaba, coas suas familias, e coa libertade qu' o campo permite, vivirian nun culto e tolerabre comunismo.

Conformes. - dixo o Ispeitor d'Escolas - faremos unha sorte de Colonia Escolar d'Adultos.

Todos asintiron entusiasmados.

Don Feliciano Folgoso non falara ainda. Obrigárono.

- El estado de mi salud, me hace ambicionar un cambio de ambiente - manifestou o Presidente - A consecuencia de la infección grippal que padecí el pasado otoño, me quedó una afección gastro-intestinal, con un dolor que, localizándose en el intestino delgado, ejerce presión sobre la vejiga y estimula la secreción urinaria. Es posible que da permanencia en Abrantes me proporcione alivio. Iré, pues, con Vdes.

secreción urinaria. Es posible que da permanencia en Abrantes me proporcione alivio. Iré, pues, con Vdes.

Ficou acordado: 1.º Rompiadolos ensames d'enseno libre, ou sexa, na segunda quincena do mes de San Xoán, estableceríase en Abrantes a Colonia de Vacacionis do Ateneo de Oria. 2.º Seria Direitor da Colonia, Don Xuan Pérez e García Ispeitor d'Escolas da provincia, quien redactaría o regramento polo qu' a Colonia tería que rexirse. 3.º O Dr. Andrade encargariase de aposentar os veraneantes e mais do abastecemento da Colonia.

E sendo a hora de cenar, ergueuse a sesión.

(... (Continuarése)

VICENTE RISCO

A VOLTA

Xa moi dinantes de pôrme ó camiño sentía ben craramente en min o aer ceibe, monxesio, un pouco indixesto o primeiro dia como unha manteiga forte, o arrecender das pedras orceladas da soleira, o oleiro da adega semeillante ó d'un vello krausto románico santificado polo lembranza dubidosa mais presente d'un bispo d'aquiles que firmaban os privilexios dos reises, inda qu' a adega soilo gardaba un pouco da pragaiza dormiñenta dos viños d'outro tempo. I-o olido a probe de pedir dos montóns de patatas inzados ó ventilarse de lonxe a primaveira polos cherelos finos e longos coma lirios na escuridade. Sentía o frío tocar dos pergamoos dos libros, a chegada sempre surprendente das bateladas das doce, laquila priguiza do corpo cando é preciso erguerse pra misa tan cediño, unha priguiza de febre acrecida polo medo de pasar frente das casas aldeas que naquila hora botan pra esperiar cristaiño da mañá tudo o bafo quente dos sonos e da porcallada humán. Medo de sentir a paisaxe lixada pra tudo o dia. Medo da pulga que rube polo perna (a perna qu'inda non se fixo a ser perna e non tén forma nin enerxia de tal, sinón que segue desfeita e mol, asegúra estaba na pregaiza do leito e do coño) e non

deixa seguir como se debe o desenrollo dos ritos da misa. Tiña materialmente presentes a hora derradeira da serán: andar d'equí pr'ali arranxando os quinqués; soilo brillan os ouxentos de metal nos que non parábamos a atención polo dia, o desfale rostro pálido do poente apégase silencioso ós vidros querendo entrar baixo o triste luxindo da aza gadefinira da noite. Dende a vispura xa estaba no pazo aldeán con grande door da miña vontade. Sentíndome caer nun fracaso total, pois tembaire ir a aldeia cunha branca virxinidade d'espiritu pra escribir o ceibe misterio da natureza ou ó que forá con tal de que chegara impensadamente, e sospetaba que soilo me sería doado vivir asegún unha pauta xa veila e noxenta, trazada pra sempre en min por outras tempadas aldeans ó meu parecer esquecidas, mais qu' agora na vispura do viaxe remocicaban com a escriptura dos palimpsestos. De fixo non me quedaba mais qu' unha rexón marxinal en troques do vivir ceibe maxinado com a esperanza salvadora. É unha das cousas que non fan amar como se debía os viaxes ista anticipación traballada polo imprecabre lembranza, fundada apenas nun prexudicio, nunha páxina, nunha semellanza,

cando non se conozce a terra onde se vai. Cheguei no meu desespero a dicir: «Pra que vou á aldeia? Xa a levo en min. Teño a esencia dos horizontes i-a coor d'aquelas cumes violetas, azúes, pél d'alifante, ou nubens deitadas asegún a hora i-a estación. Xa sei qu'ó voltar do camiño fundo cingulando por fora o grande muro das senras» ha de me surprender o oido do cabrinfollo e s'inda non está froscido, a sua lembranza que ven a sere o mesmo. Xa sei o tema brethoveniano pronto a xurdir en min cando me decato de que vai correndo sobr'os lamziros pra encobarse nas carballeiras, un d'ises voos de anduriñas invisibles. Mais pena me daba a vixilante memoria do corpo, ou millor dito as mil memorias locais do corpo n-aquil instante despertas con firente actualidade. Presentes o sentarse no banco de granito, o descanso no leito de lítos, o renixer da areia baixo os pés. Un sofrimento propio da primeira mocedad, edade dotada d'unha infinda capacidade de sofrimento e de ben poucas alegrias, apesares do tópico contrario. Ista opinión xeneral e contraria á miña está en grande parte xustificada pol-o sentimento de medro que supón toda nova esperencia infa que sexa dolorosa, i-a edade do enriquecemento diario é a da primeira mocedad. Entón a novedá encobre o disgusto interno, entón cicais pouco definido mais non por iso menos presente. Pois o disgusto que m'atromentaba fixome adoitar unha atitude en grande maneira salvadora e foi d'iste xeito. Fixen o viaxe, entrei na casa, acampei nas salas e na alcoba ca mór indiferenza pr'a mudanza de horizontes. Seguin pensando coma na vila, acendin o pitillo vilego en logar do grave cigarro aldeán; non baixei ó xardín cantareiro d'ugas e paxeros na noite sinón

que leendo o mesmo libro na páxina deixada na vispora, á mesma hora, fixen o posibre pra non esquenciar o balbordo da rúa e sollo pensaba ó marche da lectura en sair pr'o café dimpois de cezar pra seguir c'os amigos a latraca da d'onte. O correr das horas, na noite, as vellas amizades da lenbranza, viñeron a min mais non lles fixen caso. Cheguei a ter a figuração de non estar n-aldeia. Gardei o meu heroísmo á mañá seguinte, indiferente ó océano de lus que galgoi nha ribeira ó tempo de franquear as fiestas, indiferente ó latexar do xardín. I-ó poderoso medrar da primaveira. Seguin o camiño do cabrinfollo coma si fora pol-a rúa da cibdade. Por gracia d'iste método, atopei unha gran felicidade e foi da seguinte maneira. Reparando n-unha pedra do muro gostei da fina vexetación da qu'estaba orcelada, contei os grans de cuarzo, as follas da mica, os tronchos dos coucelos, a impronta do pico que labrou aquil anaquelón de mundo. Figureime ser un elfo diminuto, unha almiña non mór do que o tempo gastado por unha pingota do orballo en decorrer pol-a folla d'un arbre. Sentín coma centeiros os grans de cuarzo, coma neveiras os espelliños da mica. Perdin o fino na fruma xigante dos orcelos e das herbiñas. Soilo ansí suprimindo a visión sintética, os circos do mundo adoptados ó ollar normal, cheguei a gozare d'unha interpretación nova e dílosa. Funa apricando a moitas couses e pouco a pouco fuxiron moitas das lembranzas que me magoaban pol-a sua sólida e fatal presenza i-enchin aquela tempada aldeán de dílosas esperencias ollando as couses, os homes, o tempo, a lembranza, a esperanza, sempre en pequeno.

RAMON OTERO PEDRAYO

Papeletas pra un inventario das màmoas galegas

NON é a laboura que agora emprendemos, un traballo compreto de sistematización senón un sinxelo ordenamento de notizas.

O que no día se sabe das màmoas galegas anda tan esparecido en libros, revistas e xornais, que coidámos de algún intrés o axuntalo

melodicamente por necrópoles, de xeito que poda servir de base pra un futuro inventario mais numeroso e preciso.

Dedicaremos en secuencia a cada estazón, unha referencia bibliográfica, acompañada de breves notas acaratorias e publicaremos por cabio as plantas das cámaras dolménicas millor conservadas, reproduciós dos moblarios descoberios e un mapa onde aparezan indicadas as necrópoles de que fagamos menzón.

É certo que a vaguedade de moltos dos datos que imos manexar, ha restar valor á nosa tarefa, mais coidamos así e todo, que ista será de alguma utilidade pras persoas non especializadas nas disciplinas prehistóricas e que incuso poderá servir pra divulgar a silueta xeográfica dos xacimientos facilitando asina o o inizioamento de novas esprazazóns nos numerosísimos túmulos que inzan as nosas campás (1).

Papeleta n. 1 - Monte das Motas - Lobeira.

Bibliografía: Barros Sibelo, *Antigüedades de Galicia*, La Coruña, 1875, páxs., 77 e 78. A. Vázquez Núñez, *Las Mamoas*, B. de la C. de Monumentos de Orense, vol. I, n.º 20, 1001, pág., 351. F. L. Cuevillas, *Os dolmens do Monte das Motas en Lobeira*, revista NÓS, n.º 18, 1925. Ciriaco Pérez Bustamante, *Los dolmenes de Dombate y de la Gándara*, ex. do B. de la Biblioteca Menéndez y Pelayo, Santander, 1924. F. L. Cuevillas, *As mamoas do Concello de Lobeira*, B. de la R. Academia Gallega, 1925, páxs., 25 y 39.

Alcóntrase ista estazón no Monte das Motas, que se estende entre Bande e Lobeira. Consta de unha regular cantidade de mamoas, cujo número non foi determinado esaltamente. Espráronse oito de elas, todas dolménicas e moi derramadas, podendose soio precisar a forma sinxela e poligonal de duas cámaras.

O moblario asoellado, redúxose a ús poucos anacos de cerámica lisa e de paredes poli-

(1) Por mor da época en que foran instruídos os procesos de Vázquez de Ocaña non os atrevemos a utilizar niste inventario os datos que temos recoillidos do traballo de Martínez Salazar, *Sobre apertura de mamoas e preciosos del siglo XVII* publicado no B. de la R. A. Ollaga (anos da 1900 e 1910) cinguidonos a enumerar os lugares con mamoas que nill se mencionan, deixando aquelas das que nos di que tiveran mamoas das que consta presentaván tal particularidade.

Son as primeiras: A das Casas, San Pedro de Narón; a de Amesida, San Martiño de Pazos; a de Lobeira, Xeridiz; a de D. Antonio de Andrade; a de Anfreita, Prio; as de Pena da Lebre e de Budino, San Xiao de Lobeira; a de Monte Vicente;

das e outros varios testos pertencentes a un pote con decoración riscada, semellante á de certos tipos de vasixas eneolíticas portuguesas emparentadas coa especie campaniforme e a unha punta de saxeta de seixo cristiño e de base convexa.

Papeleta n. 2 - Serra do Laboreiro.

Bibliografía: F. L. Cuevillas, *As mamoas do Concello de Lobeira*, art. cit.

Ocupan es mamoas unha grande estensión de ista serra raiana, alongándose pol-a banda galega deles Bangueses e pol-a portuguesa ata perto da vila de Castro.

Foron esprazados catro túmulos, situados entre os marcos fronteirizos ns. 31 e 32. Tres de iles tiñan cámara poligonal e soio no coartado ollouse un corredor iniciado. Ningún den moblario.

Papeleta n. 3 - Monte Grande-Bande.

Bibliografía: Diaz Sanjurjo, *Los caminos antiguos y el Itinerario n.º 18 de Antonino en la provincia de Orense*, B. de la C. de Monumentos de Orense, vol. II, 1904, n.º 37, páx. 229 e n.º 45, pág., 340.

As mamoas citadas pol-o Sr. Sanjurjo, están emprazadas en lugares dominantes de iste monte que fai a divisoria d' augas entre as cuncas da Limia e da Arnoia.

Ista estazón non foi ainda esprazada.

Papeleta n. 4 - Bisbarra de Entimo.

Bibliografía: Benito Fernández Alonso, *García Prehistórica*, B. de la C. de Monumentos de Orense, vol. III, n.º 67, pág., 350. Higinio García, *Monte de Santa Eufemia. Antigua Abobriga?* B. de la C. de Monumentos de Orense, vol. VI, 1922, n.º 147, páxs., 499 a 502.

No primeiro de istos artigos citanse algun-

as de punto de Porto Angueiro e de Re; as de Paradela, Santa María de Foxada; as de Molla, Paillón Casas (Vilalba); as de Porto Pedra, Maruxas (Vilalba); as de ouro, San Bixome de Parga; a de Forno de Moreira, Oseilón; a de Canto de Ons; as Ons, San Vicente de Arganzón (Chantada); a de Segade, Penafrou, Caldas de Reis; a de Lomba de Fonten, Caldas de Reis; as da Gándara de Arcos; as da Mão (Viladáres) varias da bisbarra de Melide.

E nian as segundas: a de Cossío Vello, Santa María de Bezañas; a de Golpe Gratalha; a de Mourengos, San Martiño d' Armental; as das Negradas ou da Lebre e de Reza, Trespergal; a de Trisón, Melide.

has mámoas dolménicas esistentes no monte das Fachas e no segundo fálase de «un bastante bien conservado dolmen» que se encontra perto de Entrimo, dándose a conocer tamén o lugar chamado Oleiro de Antas de nome ben significativo.

*Papeleta n. 5 - Monte San Cibrao
Rairiz de Veiga.*

Bibliografía: A. Vázquez Núñez, *Las Mámoas*, art. cit. F. L. Cuevillas, *As mámoas do Concello Rairiz*, B. de la R. Academia Gallega, 1925, páxs., 235-259.

Alcóntranse as mámoas de ista estación en toda a larganza do monte, chegando ata Guillamil e Lampaza por unha banda e por riba de Corbillón pola outra.

As tres mámoas esporadas áchanse no mesmo cumo e moi perto da ermida do San Cibrao. As tres contiñan dólmen sinxelo de planta poligonal e dentro de un de illas apareceron testos cerámicos lisos e un anaco de un disco de barro ordinario grandeiro e con fura central.

Papeleta n. 6 - Monte Albán - Rairiz de Veiga.

Bibliografía: F. L. Cuevillas, *As mámoas do Concello de Rairiz*, art. cit.

Costitúen ista necrópole duas mámoas moi rebaixadas, e das que parece se ilhan tirado os esteios das cámaras, que non queda oxe ningún vestixio.

Rendeu unha de elas un abondoso mobiliario consistente en dous machados de pedra ben polidos, unha goiva tamén de pedra, unha cunca de barro marello e unha punta de sexeta, feita de seixo cristalino, de forma alongada e de base triangular, e a outra catro puntas de sexeta imitantes á anterior e un grande machado de pedra polido soio na parte do gume.

Papeleta n. 7 - Outeiro val do Salas Muiños.

Bibliografía: F. L. Cuevillas, *As mámoas do Concello de Lobeira*, art. cit.

Temos notizas de que ista estación abrangue muito terreo no penichán que hai por baixo das abas occidentais da Serra de Larouco.

NOS

Ó noso amigo Xoquín Lourenzo, debemos a fotografía de dous dolmens, ben conservados que se alcontran perto do lugar das Maus e que son do tipo sinxelo corrente na Galiza.

*Papeleta n. 8 - Serra de Penas Libres
Vilardevós.*

Bibliografía: F. L. Cuevillas, *Papeletas arqueolóxicas e folklóricas da bisbarra de Verin*, revista NÓS, 1926, n. 36.

Colle ista necrópole dende o lugar de Fontefría, ata a reia portuguesa.

As cinco mámoas esporadas, alcóntranse entre os kilómetros 17 e 21 da estrada de Verin a Braganza. Todas elas tiveron dólmen, cuias pedras lles foron tiradas hai pouco. No fondo de unha das mámoas atopouse abierto na peneda do chan natural, un burato conico, tapado por unha lexa.

Papeleta n. 9 - Serra da Moá - Castro das Caldelas.

Inédita.


Esténdese ista estación dende moi perto da costa do Valdrigou ata albiscar o río Sil.

Ollamos doce mámoas, póstas en grupos de duas, tres ou catro nos outeiros dominantes e abrimos oito, dentro das coales non atopamos outra cousa que dous esteios de 1'90 milímetros feitos de esquisto cámbrico que apareceron deltidos no interior de dous túmulos que se erguen perto de un castro conocido no país co nome de Castriño da Cerca.

Papeleta n. 10 - Outeiro val do Barbantillo.

Bibliografía: A. Vázquez Núñez, *Las Mámoas*, art., cit. Díaz Sanxurxo, *Los caminos antiguos...* art., cit. B. Fernández Alonso, *Galicia Prehistórica* art., cit. *Noticias*, B. de la C. de Monumentos de Ourense, vol., III, 1906, páxina 64, H. Obermaier, *Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia*, ext., do B. de la C. de Monumentos de Ourense, 1923, Ciríaco Pérez Bustamante, *Los dólmenes de Dombate y de la Gándara* art., cit. F. L. Cuevillas, *Nota en col do mobiliario dalgúnhas mámoas galegas depositado no Museo de Ourense*, B. de la R. Academia Gallega, 1926.

Comprenden estas estazóns unha área es-



1 - Monte das Molas (Cuevillas) - 2 - Laborensa (Cuevillas) - 3 - Monte de San Cibrao (Cuevillas) - 4 - Dombete (Bustamante) - 5 - Sáa de Parga (Casilllo) - 6 - Vilarelle (Saralegui) - 7 - Vilacampa (V. y Castro) - 8 - Recaré (V. y Castro).

PLANTAS DE DOLMENS GALEGOS

tensa cinguida polos castros de San Facundo, Cobas, Martíná, Bainte, Morgade e San Adega.

Dentro de iste perímetro ollou o Sr. Sanxurxo unhas sesenta mamoas desribuidas: dez, en Orbán; sete en Ardesende; tres en San Facundo, oito, perto do Carballiño; vinte e três, entre Porto Amieiro e Ardesende; duas en Cobas e sete en Vilar, esendo o grupo mais importante situado na chaira oula onde len o seu nacemento o río Barbantiño.

O Sr. Sanxurxo abriu moitas mamoas de ista bisbarra, mais desgrazadamente, os datos que quedan de tales esporazóns non son todo o detalados e precisos que fora de desexar. Sabemos así e todo, que tiñan cámara dolménica mais ou menos derramada, catro túmulos situados; un, perto de Vilar; dous en Ardesende e outro a 50 metros do hectómetro 2 do kilómetro 24 da estrada de Ribadavia a Cea, tendo fornecido iste derradeiro un axuar composto por un machado de seixo roxo, ben polido, goiva de pedra esquistosa, seis anacos de facas de pederneira, unha punta de saxeta de esquisto, o fondo de un pote ou cunca de terra anegrazada e unha pequena ancha de unha vasa de barro, decorada con riscos angulares.

Procedentes de mamoas da estazón que nos ocupa, anque sen outras indicazóns de procedenza, figurán espesos no Museu Arqueolóxico de Ourense os seguintes ouxetos:

Un polidor de machados de pedra de grá.

Dous machados cincelados de esquisto mouro que cincelais sexan ídolos fusiformes.

Catro facas de pederneira.

Tres puntas de saxeta de esquisto en base triangular.

Unha cunca de barro marelo.

Un pote esférico de terra escura, co borde revirado.

Un vaso de forma cilíndroide.

Ningunha de istas pezas cerámicas presenta decoración.

Papeleta n.º 11 - Codesás - Melón.

Bibliografía: Venancio Moreno López, artigo no *Heraldo Gallego*, de 7 de Maio de 1874. Barros Sibelo, *Antigüedades de Galicia*, op., cit., pág., 78. M. Murguía, *Historia de Galicia*, vol., I, 2 edic., páxs., 603-610. García de Riega, *Galicia Antigua*, Pontevedra 1908.

A necrópole, situada a 2 kilómetros de Melón constaba de tres mamoas, das cuáis duas non tiñan cámara, lénboa en troques a terceira formada por seis esteios pintados en negro e vermello con figuras que representan circos, liñas onduladas e outros sinos de interpretación pouco clara.

Dentro de iste dólmen apareceron duas pederneiras lascadas.

Papeleta n.º 12 - Xirazga - Beariz.

Bibliografía: Sección de *Noticias*, no B. de la C. de Monumentos de Ourense, vol., V, número 107, 1916, pág., 192.

Eixiste no Museu Arqueolóxico de Ourense, un machado de pedra que foi regalado por don Maximino Alvarez, do Carballiño, e que s'atopou dentro de unha mamoia da freguesia de Xirazga.

Temos notizas de que en toda a serra de Testero e especialmente nos termos ralianos de Beariz e Ponte Caldelas hai moitas mamoas, debendo haberlas perto da costa do Paraño, da estrada de Ourense a Pontevedra, onde existe un lugar que leva o significativo nome de As Antas.

Papeleta n.º 13 - Bisbarra de Avión.

Bibliografía: H. Obermaier, *Impresiones...* op., cit., pág., 12.

O tantoas vegadas citado, Diaz Sanxurxo, fixo algunas esporazóns nas mamoas que se erguen nas abas das serras do Suido e do Testero. Non quedan de istos traballos mais lembranza que un machado curto, groso, ben polido e feito de seixo mouro que está no Museu Arqueolóxico de Ourense.

O noso amigo D. Arturo Noguerol que reside actualmente na freguesia de San Xusto de Avión participounos que as mamoas son moi abundosas nos termos monteiños do concello.

Papeleta n.º 14 - Montes ao Irixo.

Inédita.

Perto do camiño vello que do Carballiño vai para Santiago e denantes de chegar á Hermita do Fondo, óllanse oito mamoas, ó parecer intalias, pois conservan perfectamente a sua forma semiesférica e non presentan a menor señal de remeximento.

Papeleta n. 15 - Gándara de Maceda.

Bibliografía: Díaz Sanjurjo, *Los caminos...* art., cit.

Fálase niste traballo de unha mámoa existente perto de Baños de Molgas e pol-o noso amigo Vicente Risco tivemos noticias de que hai outras varias por baixo de Maceda e non lonxe do camiño que dende ista vila vai pra Xunqueira de Espadafredo.

Papeleta n. 16 - Gándaras de Budín.

Bibliografía: Sezón de *Noticias*, do B. de la C. de Monumentos de Orense, vol., II, 1903, n., páx., 124.

Dase conta do regalo feito ó Museu Arqueológico de Ourense por D. Xesús Palacios, de un anaco de vasixa de barro e de un machado de pedra atopados pol-o dito Sr. Palacios, ó esporrar unha mámoa das Gándaras de Budín.

Coidamos que a tal mámoa, achábase situada perto de Porriño.

Papeleta n. 17 - Serra de Barbanza.

Bibliografía: P. Sarmiento, *Manuscrito da A. de la Historia*, codice II, 9, 4, vol. IX, fols., 337 r. 339 r. Vicetto, *H. de Galicia*, vol., I, páxs., 76 e 78. Barros Sibelo, *Antigüedades de Galicia*, páx., 78. P. Fidel Fita, *La Mambla celta-romana y epigrafía de Bretal*, B. d'a R. A. de la Historia, vol., LIX, 1911, páx., 412. J. Cabré, *El Arte Rupestre en Es-*

paña, Madrid, 1915, páx., 92. H. Obermaier, *Impresiones...*, op. cit., páx., II. Ciriaco Pérez Bustamante, *Los dólmenes...*, op., cit., páx. 32. M. Murguia, *H. de Galicia*, vol., I, 2 edic., páxs., 614-616.

Pese a ista abondosa bibliografía o que en realidade se conoce das mámoas da Barbanza é ben pouco. Fora do feito da existencia de muitas cámaras dolménicas en toda a larganza da serra e ainda ó nacente de Nola, non sabemos ren con esas illas pois nin xiquera se publicou unha soa planta de dólmen nin se fixeron en ningures escavazóns metódicas, sendo dobramente de lamentar iste abandono, por ser ista estación unha das mais importantes se non a mais importante da Galiza, onde parecen existir cámaras sinxelas, outras con corredor iniciado e tamén verdadeiras cistas ostentando por outra parte algúns de istos monumentos gravuras que a xuzgar pol-as observazóns de Oviedo e Arce de que dá conta Cabré deben ter un interés indudable.

É de supor que residindo nas proisimidas da Barbanza homes como Fermín Bouza Brey que tan brillantemente fixo as suas primeiras armas de prehistoriador e como Ramón Martínez López, aventaxado discípulo do sabio catedrático Sr. Pericot, non pese moi tempo sen que teñamos novas dos traballos por iles emprendidos en tan prometedora estación.

(Seguirá no próximo número)

F. L. CUEVILLAS

Notas de arqueoloxía e folk-lore arousans


MONTE E PEDRA DE MEAN

No lugar de Trabanca da Torre, concello de Vilagarcía, a poucos metros do castro da Bouza i-entre as leiras e tomandas que componen os primeiros pregamentos do Xiabre, erguese un pequeno couto, coroadó de penedos e de piñeiro mansos que lle prestan o prestixio virxiliano de un paisaxe da insua de Capri portado ás terras húmidas do Septentrón. É o monte de Mean.

Mederá o montículo cousa de 100 m. de diámetro na sua base e de 12 ou 14 na sua altura e nada presenta ao ollar do inquiridor que ofrece interés. Non embargante, a búsqueda de exemplares de arte rupestre nas laxes de esta bisbarra, que coidamos mais ricaz en insculturas do que se desprende pol-o que vai conocido de ela, mostrounos unha pedra situada no mesmo círculo do Mean de 3 metros

por 4 de longo semiefada de corgos ou *covilhas*, un novo exemplar dos que tanto abonden na Gáliza e tanto dan que facer aos escultores das antigüidades prehistóricas.

Aí a vinteunha de estás fochas contamos na sua superficie - a ras do chan e lixeiramente en decrire cara o W-, cujo grandor anda entre os 5 e os 10 centímetros.



Peces de Meán

Con éste son catro as que levamos atopado en pouco tempo: unha de elas ao pé do Castro de Figueras que forma parte da Catalogación que anda a facer o Seminario de E. Galegos de istos moimentos, outra no chamado Pazo do Inferno, en Verín, composta de catro corgos en coadro e a derradeira dada a conoscer en outra xeira e como material de unha estazón prehistórica perfeitamente definida (1). Polos demais vense tamén acompañadas de outros signos grabados nos cons caraterísticos do arte rupestre da nosa terra.

Mais no monte de Meán hai unha fonte e esa fonte tén, según o pobo, virtudes medicinais. Ela cura as doenzas dos ollos sempre e cando sexa usada seie días seguidos, unha vegada

(1) *Prehistoria galega. O Neolítico* por Florentino L. Cuzvilas e Fermín Bouza Brez en Boletín da R. A. Gallega, Ano XXI, N.º 161 e seguintes.

NOS

ao abrente do dia e outra ao deitarse o Sol; según outras referencias basta só facer uso de elas antes de que saia dito astro (1).

Velaiquí o que resta de un culto morto a un deus esquenrido que tal vez sexa a pedra mesma que en lugar eminente foi grabada; recerdo suave acochado na sabiduría popular de unha lembranza litolítica quizáves.

Mea. Meá. Means. Mean. Meanos. Meano. Meavia, son nomes do onomástico xeográfico de Galiza que teñen un fongo común. *Mea*, que asegún Verea e Aguiar (2), que o toma de Boulet, tén a significancia celtiga de *vea de meta*. Nada nos súxire esta interpretación. En troques pon outra que tén importancia summa. Dinos que Boulet traz *Mea* significando en celtigo *pedra*. En verdade que agora xa hai pra pensar de si o nome que leva o couto llo dou a pedra que o remata. Pola nosa conta só podemos aportar unha observación curiosa: un grupo de condados que forman os baixos de Corrubedo, perito da insua de Salvora leva o nome de *Means*. Ali están ispidos e senlleiros sin que naí os carallericos como non sexa a sua condición de irtos vencellos da temerosa cadea de baixos que aprisa a gorga da Ría.

Lembremos pra remate o feito de ter aparecido cásque ao pé do Meán o epígrafe romano de que un autor dá vaga resña, hoxe perdido (3). Xuntemos todas as liñas celibas e aparecerá ante os nosos ollos o calvo monólito trocado en lugar sagro e ante noso espírito crecido e mergullado en brétemas misteriosas.

F. BOUZA BREY

(1) A primeira versión foi feita por Narciso Alvarez Romero de 18 anos veciño do lugar de A Torre, pertinho de Meán, caído pal Bernardo Alvarez Vázquez, carabinero da mar levou o seu fillo Xosé de 6 anos á dita fonte curándolle unha afeción dos ollos. A segunda das versiones foi feita percurrida por unhas vecinas que labraban nos mesmos elidos do pé do monte regados pola auga da fonte contándolem elas mesmas de como muitas persoas van pola auga en garrafas pra despoula a cala na casa e así me recomendaron a min que o fizese.

(2) Xosé Verea e Aguiar, *Historia da Galicia*, páxas. 40 e 41.

(3) X. Fernández Gil e Casal, *Avances Arqueológicos Boletín de la A. de la Historia*, T. LXVIII, 1916.

No Desterro, Da Terra Asoballada, Vento Marciero Na Noite Estrelecida e O Bendito San Amaro

poesías do poeta da raza RAMÓN CABANILLAS Pedidos a LAR A CRUÑA

GLOSAS HESTÓRICAS

ENTRÉ os restos hestóricos de maior importancia que dos antigos pobos se alcontran nos arredores da vila de Negreira (1) pódense nomear como mais importantes os da Ponte Pias, que a xusgar pol-a tradición, e por algunas notas gardadas en certos papéis co il relacionados deben influir sobremaneira na hestoria d-esta rexurcente vila, cal demonstra a ponte rompida que aparece no escudo da mesma.

Da nomeada ponte inda quedan algúns restos sumerxidos nas augas do Tambre (2), preto ao lugar coñecido na actualidade por Barcas de Tomé as calas sirven de paso entre Ons e Negreira. Os fillos dos pobos mais próximos constan encol d-este particular que tradicionalmente vense dicindo o siguiente: Probabelmente a Ponte Pias existiu con nome distinto deixa o sigo primeiro da nosa era en cuia época disque apareceu unha maña enterrada nas augas do río, xunto cos perseguidores dos discípulos do Santo Apóstole Santiago.

O gran hestoriador e notabre arqueólogo Antón López Ferreiro na sua «Hestoria da Santa A. M. Eirexa de Santiago» fala d-esta ponte baixo o capitel de «Ponte de Ons» onde dí que

o nome de Pias ou Piar é moi antigo, e que ista voz galega significa *pila ou pilar* por cuio motivo se lle chamou Pias, sin dúbida pol-as *pilares* que d-ll quedaron. D-eles ainda hai algúns restos, e créese son os mesmos de que fixo referencia no seu testamento D. Xoán Froilá Maríño no ano 1220, o cal desexoso de o facer novamente, de maniera que encima das cepas se puxeran vigas que poideran estabrecer o paso, dispuxo como última voluntade que mandaba *dez casals* con tal ouxelo.

Por si isto fose pouco pra comprobar a existencia d-esta ponte inda se pode trazar a cono os restos do camiño román que dende Celadas de Reis viña preto da costa; e por a carón da veciña parroquia de Ons metíase na de Negreira - pol-a lembrada ponte - onde illa unha encrucillada pra Compostela e outra pra Fisterra.

D-estes camiños inda quedan tamén algúns restos, e no que se dirixe a Santiago aparecen fai pouco n-unha aldea moi preta uns cantos ladrillos con antigos esquirlas que se atribuiron aos románs, por ser creencia xeneral que por ali están enterrados os restos d-un pobo, d-aquela época, que lle chamaban Luccrosa.

M BERGUEIRO LOPEZ

Negreira Febrero 1927.

(1) A Nicrasia dos románs.

(2) O Tamáris d-outros tempos.

Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza

A fonte de "Ana Manana"

POIDA que sexa o Melmón un dos paraxes d'Ourense mais coñecidos pol-as suas tradicións xa de carácter hestórico com'a popular historia do Bispo D. Francisco Alfonso, afogado ali por Lope d'Alongos (1), e outras moitas de ladrós e asesinos (2) xa lexendario, com'a da Virxe (3) ou a dos «Mouros encan-

tados» (4). Entr'os diste xénero, que son muitos, citarei a da fonte de «Ana Manana»; pois anque sexa a de menos importancia, é a mais vulgar entr'a xente d'as aldeas veciñas.

Preto do cabo do Meimón, seguindo a corrente do Miño, val un nacente d'auga d'entre

«penedo da Virxe», porque nel estaba sentada unha vez a Virxe co meni Xesús no colo. Pómese que iste sitio é o de máis profundidade do Miño e que pol-o tanto, debía de haber muito ruido a auga; mais, como é natural, socede o contrario, l-d xente das aldeas atrebexo a virxe das sequencias palabres pronunciadas pol-a Virxe cando estaba sentada no penedo adormentando o Neno:

«Río Miño, val caladío,
non me despáres o meu Nenito».

(1) Os romellos que van ós Milagres, ás ermitas e ó Corpus, cando chegan ó Melmón berran: «Morreu o Bispo!»; «Morren!» e outras moitas cousas qu'o eco vai ripelindo. Non avisando a espantar iste fenómeno, atribúyeno ó demón, á alma do Bispo ou ás dos qu'os mataron.

(2) Por isto e por aparições do outro mundo» que se d'as ali, tensse ó Melmón com'un modelo de sílos medrosos, e así, pra decir que calquera é valente, dise qu'á home de pasar 12 da noite pol-o Melmón.

(3) Hay un penedal no medio d'rio, que lle chaman o

«penedo da Virxe», porque nel estaba sentada unha vez a Virxe co meni Xesús no colo. Pómese que iste sitio é o de máis profundidade do Miño e que pol-o tanto, debía de haber muito ruido a auga; mais, como é natural, socede o contrario, l-d xente das aldeas atrebexo a virxe das sequencias palabres pronunciadas pol-a Virxe cando estaba sentada no penedo adormentando o Neno:

«Río Miño, val caladío,
non me despáres o meu Nenito».

(4) Vense no escarpe da carreira: un xugo perfeito na folla que non entero, a paixón d'un cabalo l-a cara d'un mouro, ceñidolle as bigotes, tallado todo en pedra viva. Atribúense istes traballos a unhas mouros que vivían ali nunha coba que se abría e cerraba ó decir unhas palabres que soyo illas sabían.

us penedos, é lado d'arriba da carretera que vai de Ourense pra Castrolo. Iste mananteal, que era a «taberna» dos labregos que iban pra Ourense, é coñecido co nome de a fonte de «Ana Manana», nome que tomou d'unha popularz e vella lenda.

Alá en tempos moi remotos, un dos moltos galegos que iban á sega a Castela ó vir de volta topou no camiño c'un señor mol luxoso, o cal perguntoulle ó galego de onde era; iste contestoulle que era de Ourense. O señor perguntoulle, entonces, si tiña algúñ conocemento do Meimón.

— Todas as veces que lle vou a Ourense co rianxo ou pêgar a tenia ou a contribución pasolle por ali — dixolle o galego.

Entonces o señor quitando un queixo de catro esquinas, dixolle:

— ¿Ti queres ser rico?

— Eu quero, quero; si, señor; pero...

— Pois mira — dixolle o señor — non tes mais que ir ó Meimón, i-o chegar onda unha fonte que hai n'ús penedos, ó pé do camiño berraz; «Ana Manana!» i-a terceira vez hache d'aparecer unha muller moi bonita i-elegante. Entonces li daslle iste queixo, i-ela hache de entregar parte dos tesouros que ali tén gardados.

— Si non é mais que iso...

— Tés, tamén, que gardar o sacreto e ter conta qu'o queixo lle chegue inteiro, porque senón pôdeche traer moi malas consecuencias.

— Isto bo é de facer!

— Pois toma, e fai como che dixen — i-entergouelle o queixo e desapareceu.

O noso galego siguiu o camiño pr'a sua casa, bailando nun pé solo de contento... e tremendo co medo de si os ladrós lle saian ó camiño e lle roubaban o queixo.

Antes de chegar ó Meimón meteu por un atallo de car'a casa porque o desexo de abrazar a muller e bicar ós fillos sobrepuxaba ás ansias da riqueza. Mais como as mulleres son tan sabichosas, e a d'il que ó tempo andeaba «d'aquele maneira», antoxouselle sabore o que tiña — avolto nun paquetillo. Il buscó mil voltas por llo non enseñare, dicindolle que era un encargo que se non podía ollar que siquera il mesmo sabía o que era; i-hasta lle prohibiu que lle tocara; mais ela, sin saber o home, desenvolveu o paquete, i-o vel-o queixo antoxouselle e arrabouelle unha esquina.

O home colleu o queixo, sin deprocataarse do que a muller fixera, e dirixouse con il de car'o Meimón. O chegar á fonte chamou: «Ana Manana!» i-a terceira vez apareceu unha muller maxestuosa, que mesmo asemelhava unha reina con cara de anxel; pero viña furiosa e perguntoulle porqué a chamaba. Contestoulle il que lle quería dar un encargo que lle mandaba un home que il non conocía (e entregouelle o queixo).

— Si, home, si; fixéstela boa...! Iste é o cabalo que m'había de levar a min d'aquí; mais ti fiche pormeiro á casa i-a larpeira da tua muller coméulleme unha pata.

E dicindo isto pousou o queixo no chan i-o instante se volvou un perioso cabalo branco... pero saltaballe unha pata enteirinha.

— ¡Olla pr'aqui...! — dixolle ela — agora teño que quedare eíqui pra sempre, xunto cos tesouros que tamén a ti che habían de tocar... Toma ista faixa de picote e ponlla á tua muller cando sexa pra dar a luz; non che podo facer outro regalo — e co'a mesma desapareceu ela i-o cabalo.

Dispúñese il a marchar pr'a casa; mais ocumuselle, pormeiro, envolverelle a faixa on sobreirifio qu'ali había, pra ollar que ben lle esteba. ¡A bó santo se encomendou! Aíña ben non acabou de lle dar a última volta cando xa ardeu a faixa i-o sobreiro.

Dend'entón o sobreiro non volvou a medrar mais; pois din os vellos, que sempre o acordaron tan feloso co n'ainda se pode ver oxe.

Iste foi o orixe do nome cabalístico que dend'o tempo leva a fonte do Meimón (5).

Recollida por ALEJOS ALVAREZ NOVOA

Mestre Nacional

(5) Idéntica leenda atopase n'Asturias (A. RICRA-CANGAS de Onís, Mestas), aségu C. CABAL *La Mitología Asturiana, Los dioses de la vida*, Madrid, 1928, páxs 52 e 53. Tén tres elementos (espocias): a) o peixinho que en terra estreña oír falar dun tesoro no seu lugar - b) o queixo (n'Asturias, pas) que se convierte en cabalo - c) o feitio ou clinto encantado. O primeiro atopase en moitas das nosas lendas de tesouros, sen ir mais lonxe na do Castro Mogorédan, no sul da provincia de Lugo, onde a un de Morgade que foi cautivo d'Abid-el-Krim, desérionte os mouros que abundal a cos silla d'ouro do rei mouro do Castro Morgadán, pra ser inúltimamente rico. O segundo pono Cabal en relación co-as ofrendas ás fontes de que tanto fala San Martiño de Braga en *De correctione rusticorum*. O terceiro lembrá o clinto que Medea regalou a Creusa amante de Xasón, e qu'a quizimou no seu pazo, e a túneca do centauro Neso na que s'abriuon Ercole, sen q'uesto quería dicir que tiña n'estas lendas a sua orixe, senón que todas responden á mesma orixe común. Hai alíng tamén o tema da curiosidade das mulleres (Psique, Elsa, de Beavante a muller de Barba Azul, e rapaza que leva o ouro dos mouros e que ó oíello irónse en carbón, etc.) o tema da venganza da dona encantada, e o da ocasión única pra ser desencantada.

(Nota de V. R.)

A vella do aceiteiro

Era unha mai y-unha filla e vivian solas hastá qu'â filla lle veu o tempo de casar e casou c'un mozo qu'andaba c'unha caballería vendendo o aceite pol-as portas, y-das veces tardaba moitos días sin vir á casa. Un dia qu'il marchara vender o aceite, deulle un mal á vella tan grande que morreu, solo que antes de morrer dixolle á filla:

— Iste tres mil rayás que temos na casa, milemos na tumba que senon así que morra, sáyoche un dia que estés sola na casa.

E vai a vella e morreu, y-o dia que se enterrou chegou o aceiteiro á casa. Entón a filla contoulle todo ó home, o que pasara e que lle tuvera que meter os tres mil reás na tumba, senon que lles saía despois de morta.

— Boeno, pois cala, que eso arréglalo eu ben — dixo o aceiteiro, que era xenro da que morreu.

As duas da mañá, sin lle decir nada á muller, marchouse ó semiterio onde enterraran á vella, e desenterroula, e sacoulle os tres mil rayás. Estando n'esto, sintiu un ruxido forza quedouse caladinho. Eran os ladrós que vilian de roubar un saco de permís donde un rico que había no puebllo e escondéronos no semiterio encantado iban roubar ó cura que estaba alí cerca da iglesia.

Entonces o aceiteiro quitou os permís do saco e meteuille a vella dentro y-el marchouse cos tres mil rayás e os pernis. D'ali a pouco vilian os ladrós de roubar ó abade unha boa sacada de cartos, e vilian pro atriz pra repartir o dinheiro y-o repartilo dixo un d'eles:

— Ide agora polos permís.

Trougueron o saco e pensando que sacaban un pernil, sacaron a vella.

Ó principio quedaron todos asustados, pero despois dixeron:

— Quén será, quén non será?

Hasta qu'un d'iles dixo:

— Evos a vella do aceiteiro, a que enterraron onte.

E dixerón:

— Como sería pra estar a vella no saco?

Ó fin ordearon de lla ir colgar á porta do aceiteiro.

Pr'o outro dia de mañá cedo, inda mal se via, levantouse o aceiteiro pra ir vender o aceite, e topouse co-a vella á porta, e non sabendo que faguer con ela, atouna ón burro que tiña, e botouna car'a unha praça de meses, e conforme o burro andaba, a vella azaneaba, hastria que foron os pastores pr'o monte e viiron andar a quelo nas meses, e todos cheos de medo viñeron pr'a casa dicindolle ós pais que andaba o demo na plaza dacabalo d'un burro. Os pais creéndose nos rapaces, fóruse onde o abade pra que llo fose desconxurar.

O abade era coxo e luvo qu'ir acabalo d'unha burra e a xente da parroquia acompañándoo; todo o camiño lle foi dicindo á xente:

— Miral, así que chegaremos alá, eisí qu'eu mire s'é o demo, heino desconxurar e a todos as palabras qu'eu diga, vos decir sempre amén.

Chegaron alá e entraron ás meses, y-o abade iba dianie acabalo da burra. O burro ó ver a burra botouse atrás d'ela. O abade ó vir a quelo trás d'el, empezou a berrar:

— Al, sacrismán, que me leva o demo!

I-a xente conlesaba:

— Amén, señor abade, amén! (1)

(1) Hai aquí elementos e temas que s'atopen n'-n'ros moitos contos da nesa Terra e do folclore universal. O final é unha variante do que publicamos co título de *Qas ms leva o demó* no número precedente de Lampaza, concello de Rairiz de Vilga, na Limia. O engano feito ós ladrós repítese moi no noso folclore en formas ben variadas. O irle poñer na porta o cadavre da sogra, e botalo ó logo montado no burro, non deixa de semellar o conto do xorobado das *Mil e unha noite*. Iste conto e os seguintes están recollidos verba por verba, segun o informador, que é d'alt, os ouvir referir, sen que nós lehamos corrigido mais que lxeiramente a ortografía por mor da cráridade pr'o leitor, aunque deixando todo o demais así e como rol-o deixan, pra conservarle a gracia. O galego é incorreto de léxico, mais está ben da construcción. *Plaza Chaman* na Limia é un cacho grande de terra, a pán ou a palaces ou millo, que sendo de varios donos, é acotado, nos están as leiras tapadas con sebes nin muros nin outra cosa. Confróntese co francés: *place*, sitio.

V. R.

M E R Q U E V O S T E D E

SÍNTESIS XEGRÁFICA DE GALICIA
por Ramón Otero Pedrayo

Hos homes, os feitos as verbas

CABANILLAS E COTARELO
NA REAL ACADEMIA HESPA-
NOLA.

NÓS delle o parabén de todo curazón ós seus
dous ilustres e queridos colaboradores,
pol-a distinción que lles fixo a Real Academia
Hespañola ó levalos ó seu seo como represen-
tantes da nosa fala e das nosas letras.

Nomes hai tempo consagrados dentro e fora
de Galiza, nin un nin outro precisaban de con-
sagración oficial ningunha pra levaren a ade-
miración e a benquerencia de todolos galegos
que leen, e de todolos non galegos que s'intre-
san pol-a nosa cultura. Mais así e todo - e
sexan coimbra sexan os pensamentos que se te-
fan encol da comenencia e da oportunidade
d'unha representación de Galiza na Academia
da lingua castelán - o feito de vermolos nos-
mos valores mais enxeñes e mais outos reco-
ñecidos e esaltados polos estranos, non pode
por menos d'apreciar a todolos bós fillos da
Terra.

D'iste xeito, NÓS, qu'a mais d'eso ten cos
dous ilustres eleitos fortísimos vencellos de fra-
ternidade e ten com aseus todolos seus triunfos,
gábase d'iste novo qu'agora oblicheron, e sú-
mase ós agasallos e festexos que coiste gallo-
lles rende Galicia.

O HOMENAXE A CURROS EN CELANOVA.

TEMOS elqui falado xa da Sociedade Cultural
Curros Enríquez de Celanova, e do seu
labor de cultura popular. D'esta Sociedade foi
a idea e a orxogonalización do sentido homenaxe
que polas Marzas rendeu aquela vila ó seu
mais preclaro fillo, o gran poeta da Virxe do
Cristal. Non imos dar noticia do qu'os nosos
leitores saben xa pol-a imprensa toda de Ga-
lliza.

Hoxe qu'a nosa Terra volve de feito á con-
cencia de si mesma, Celanova, sumándose ó
movemento, ergue com'executoria ilustre o no-
me do seu Poeta, e vai erguer un momento
que diga a todos qu'eli naceu o mais popular
dos vales galegos e un dos mais representati-
vos.

LETRAS D'AFORA

ALLEN, de VALERY LARBAUD.

TENSO o mapa de Francia sobr'a mesa; dema-
s a do xeométrico, cristalizado, cartesiado,
mais logo baixo o panel d'abelias dos departa-
mentos, locen páldamente as grandes rosas

do bouquet francés (Céltiga, ciclos cabaleiros-
cos, *Gesta Del*, Abelardo, Sorbona) despel-
teando com'ofelia, no Rhin e na orla
escumosa do mar. Nivernais, Charolais, Bour-
gogne, Normandie, Berry. O Valois pequenina
«coccinelle» heráldica. Pois car'unha das rosas
mais sinxelas iolentes (as froles dos can-
zoneros e das gestas estaban ben lonxe da
métrica sabida dos xardis: «Plantagênet»,
«lys», a rosa sen complicacions químicas,
símbolo dos benedictinos) lévanos Valery
Larbaud, nun feiticeiro viaxe: ó país de Borbón.
Châmalle o país d'Allen. Allen foi a divisa da
orde do escudo d'Ouro, fundado polo duque
Loís II no 1366 á volta da sua prisón inglesa.
N-un fermoso auto azado com'unha libélula,
vai Valery c'un poeta, un editor solitario, un rapaz
rico. É gostoso sentir como os finos pari-
sienses van mozos, espranzados e lembrado-
res. Queda ben lonxe aquil desprezo pol-a
Provinza! Dixen mal: falan da rexión, e Valery
eisalta a sua (tamén foi a de Banville) hastre
leitar facela ceibe pra espallar ó lonxe o zumo
d'aquil torrón. «Toujours ce bleu de la mon-
tagne bourbonnais à l'horizon» e «l'unité qu'il
y a dans la lumière de chaque Journée, le calme». Valery, soña facer do seu ducado un
Weimar con grandes concerto, perfeitas edi-
cions, esprilo ceibe pol-a sua autonomía, n'un
sistema imperial. Carlos III, o derradeiro duque
non foi un treidor, di Valery. Treidor o con-
destabre morto en Roma? Era libre pra darse
os amigos que lle convistán coma soberán d'un
país de seu.

Felizceiras estas trinta e oito páxinas de con-
versa a 85, a 90, a 100 kilómetros por hora.

LE TEMPS RÉTROUVÉ, de MARCEL PROUST.

Do «coté de chez Swann» ó «coté des Guer-
mantes» foi Proust espallando pra ollallas
millor es almas de certos xeneraciós e de certos
circos. Espallándoas en finas e grandes louxas
com'os seu párrafos tendidos. Epidermis das
cajas fondas do espírito cravadas e postas a
secar Igoal que fan os cazadores cas peles das
bestias. Proust tivo o segredo de gardar o tem-
po nos resultados enormes dos seus estudos.
Incomparabre esforzo d'atención, ouxelividade
comprende, pois apenas sabemos nada do autor,
indá que fale molto de si! Agora, no *Temps*
rétrové estamos lonxe da prolixidade que
fixo de *Sodoma e Gomorra* unha cousa equi-
valente ó *Siegfried* pr'os primeiros wagnerianos.
Camiñase mais axiña, entra un balbordo d'a-
fora: a guerra.

HUMANIDÁS NOVAS E VELLAS

Un catálogo de libraria fai soñar na felicidade seguinte: moitos miles de francos, moitas horas ceibes no silencio d'un grande pazo. Prós novos? Sí, un pouco, tudo o poslibre, mais... coma acostuma a dicir o noso gran Risco.

É sempre un marxe prás humanidás vellas e novas, agora presentadas nunha sección editorial. Os producidos de moitas edicións volveron os crásicos molto da sua moedade cronolóxica. Son os mesmos Homeros ou de Hermosilla, ou de Leconte, i-o de Berad?

Prós crásicos novos (por elix. os románticos) non tendo a man as primeiras edicións, é un prazer recorrer ás derradeiras. Hoxe estúdase amorosamente o romanticismo. Xurden rondas garimosas de poetas menores. Hai que fuxir das clasificacións e das edicións da fin do XIX; parés que houbo entón un desexo inocente cicais, mais qu'estaba no tempo, de facelo todo ruin.

•ULYSPS• NA YANQUILANDIA

DOL-o d'agora nin os libros nin os viñtos non milloran cruzando o Atlántico. Gracias sexan dadas a Deus por deixarnos na nosa casa preto dos nosos pipotes. Nos E. E. U. U. (non podemos honradamente dicir por elix. «en os americanos», xa qu'os americanos son os indios i-os indios non leen; sabian tudo o preciso de memoria e d'istinto) as Universidades aquelas de tanto luxo aséptico que non consiste o *gaudeamus* escolástico, tampouco gostañ d'risada do arcebispo, de Cervantes ou de Rabelais. Ali os graves corpos docentes pechan decentemente contra o espírito. Agora unha revista de New-York publica un *Ulises* que non lo coñece o Joyce que o criou. Parés que mollos intelectuais da Europa preparan unha campaña sobr'istas cousas. Qu'anden con ollo, non sea o demo que manden o ministro pra cobrar os carlos...

R. O. P.

LIBROS

ÉTICA Y METAFÍSICA, por J. V. Viqueira, Madrid, 1926.

ASra. Viuda do que foi noso ilustre e querido colaborador Johan V. Viqueira, publicou esta obriña póstuma do inquecible mestre e compañheiro

Son apuntes de clase, collidos por un discípulo, asegún as espracacións de Viqueira, revisadas por iste, e enrenguados con notas qu'il deixou. Houbelan sido o xermolo d'unha obra grande. Componse en realidade de tres partes, que non son soñentas o que reza o título: *Lecciones de Ética*, con dous apéndices:

El libre albedrío e El principio supremo de la moral, Metafísica e Introducción elemental a la teoría del conocimiento. A Ética ten 17 leccións, a Metafísica 5, adicadas ós problemas fundaménitas (problema da y-alma problema da realidade derradeira, problema da relación da y-alma co corpo e problema da evolución) e a teoría da conciencia, catro capítulos.

Neokantiano, ou por millor dicir post-kantiano – no senso de ter sempre en conta a critica Kantiana, enque se faga ben cargo das suas dificultades, e venha a estimala en certo modo superada – Viqueira semella achegarse por unha veira ó realismo crítico (August Messer, a quien sigue principalmente na Ética) e por outra á fenomenoloxía de Husserl, o qual non está rifado. Viqueira que percorreu moitas Universidades d'Alemaña, estaba ó corrente de todo movemento filosófico contemporáneo, e como ademais era un gran pedagogo, non illa como outros soñen ter, unha ciencia pra si e outra pr'a cátedra, por mais qu'esta fose elemental e propedéutica, senón que levaba as suas espracacións, en xeito craro, sinxelo e axeitado á intelixencia dos rapaces todo o novo que lba dependendo todal-as novas prespectivas que se ll'abriau diante do espírito. Puña os problemas ó dia.

Cando fala do principio supremo da moral semella tamén notarse n'il a influencia de Francisco Brentano, a quem hoxe dan moiño fino, e que foi mestre de Husserl. Brentano xustificou tamén co testemuño da conciencia o dereito natural, contra Thuring, e a moral. Viqueira fai tamén xuez, como Kant, a conciencia, modificando a fórmula do imperativo categórico asegún o pensamento romántico post-kantiano, e dando a razón n'esto tamén ós irracionalistas. Cetral vacila un pouco na apreciación da vida como valor supremo, o qual ven a pôr, non sei si con moita firmeza na personalidade moral.

A influencia do temperamento galego no pensamento do Viqueira non é moi dada vela n'un libro d'iste xeito, que sendo libro pedagógico, ten que ser sistemático por forza e non deixa tanta libertade coma si fora de exposición pura. Cita algúns vexetais a Leonardo Colmán, filósofo parente pol-o seu pensar da vaigade pantástica do poeta tamagano Telxeira de Pascoaes, galego no seu idealismo a un tempo bretemoso e plástico. Ben é certo qu'o noso pensamento filosófico, expresado na poesía, no folk-lore, na mesma conduta, está aínda por estudar.

A filosofía é disciplina que ten ante nós muitos afeizoados. Todos fagamos filosofía sempre que nos cobra. O que nos falla precisamente é *disciplina, método, rigor*, coular un pouco o falar por falas. Pra elo venen ben libros com'os do Viqueira.

V. R.

LAS CIUDADES ISLÁMICAS.
DANIEL MARTÍNEZ FERRANDO.
Editorial Cervantes Barcelona.

ESTE BÓ AMIGO NOSO E DA NOSA TERRA, VELÉN-
CIANISTA ESGREVIÑO, ACABA DE PUBLICAR UN
NOVO VOLUME MOI XELOSOS BAIXO O RUBRO DEVAN-
DIO. DANIEL MARTÍNEZ FERRANDO, AUTOR DAS OBRAS
TAN NOTABRES COMO «LAS CIUDADES DEL CAMINO»,
«GUIA SENTIMENTAL DE MALLORCA» E «LA CONVERSIÓN DE BEN AMADI», AGORA CO NOVO LIBRO «LAS
CIUDADES ISLÁMICAS» (PELEGRINAJE SENTIMENTAL
POL-A TURQUIA, A SIRIA E O NORTE AFRICANO) SOBE
UN ESCALÓN MAIS NO COMIÑO DA SUA XUSTA SONA
DE BRILLANTE LITERATO, NO QUE VAI ACOCHADO UN
REQUINTADO POETA.

DANIEL MARTÍNEZ FERRANDO É UN GRANDE CO-
RISTI LEVANTINO. OLLAO TODO CON RETINA DE PINTOR
VALENCIANO. É POL-O MESMO, AXÉITASE, COMA
POUCOS, PRÁ INTERPRETAL-A I-ALMA DO ORIENTE.
ANTRÉ OS CONTADOS ESCRITORES VIAXEIROS QUE
EXISITEN NA HESPAÑA, O NOSO AMIGO OCUPA UN
DOS MAIS OUTOS POSTOS.

SABE OLLAR BEN AS COUSAS; DECÍTASE DO SEU
SER E ACERTA A PÓR A SUA GRANDE CULTURA O SERVI-
ZO DA SUA PRUMA LIXEIRA E BRILANTE. «LAS CIUDADES
ISLÁMICAS», COMO OS SEUS LIBROS DEMANTE-
RIORES, LÉNSE CON MOLTO AGRAZO. DANIEL MARTÍ-
NEZ FERRANDO É UN TRUFADOR NA REPÚBLICA DAS
LEIRAS.

A. V.

AS NOVELAS "LAR"

A PECADENTA SILENZIOSA,
novela de MANUEL BERGUEIRO LÓPEZ.

UNHA HISTÓRIA D'AMOR CON MOLTAS DIGRESIÓS
EPISÓDICOS, BEN DESENVOLTA E BEN LEVADA,
OUNQUE DESENLAZADA UN POUCO A PRÉSA DE MAIS.
A HISTÓRIA SOFRE UNHA CRÍS INDICADA POL-O AUTORE,
ANTR' O CAPÍTULO X E O XI, E OUTRO ANTR' O XI E O
XII. O SR BERGUEIRO REVÉLASE COM'UN COSTUM-
BRISTA SINXELO E NATURAL. TAMÉN LLE TEMOS QUE
GABAR A ESCOLLEITA DO TÍDOO, QUE EVOCAS MUITO
E SONA MOI BEN.

O VIGAIRO, de
FILgueira VALVERPE.

ESCRITA N-UN GALEGO REQUINTADO E POR VEGA-
DAS DIFÍZILE, É O POEMA SIMBÓLICO DE PONTEVEDRA
E DA MOUREIRA, O POEMA DA DINIDADE, DA
FIDALGUÍA PLEBEIA DA NOSA XENTE MARÍNERA, QUE
CO-A LABREGA É O SAL DA TERRA; DEMOCRACIA E TRADICIÓN,
A Y-ALMA DA REZA. O VIGAIRO É TAMÉN A
PERSONIFICACIÓN DAS VIRTUDES ANCESTRAS; OS SEUS
PENSAMENTOS E AS SUAS VERBAS SON A EXECUTORIA
MORAL DO POBO. EN POUCAS LINHAS, O PASADO TODO
DE PONTEVEDRA PONSE DIANTE DOS NOSOS OLLOS
N-UNHA SÍNTESIS DE XEITO ROMÁNTICO. POL-O DEMAS,
NA NOVELA POUCO PASA; NON PASA MAIS
QU'O QUE LEN QUE PASAR PRA QU'O VIGAIRO S'ERGA
DIANTE DO LEITOR DE CORPO INTEIRO CON NOBREZA E
EIXEMPRARIADE.

REVISTA DEL CENTRO GALLEGOS
Montevideo, Diciembre, 1926.

SENDESTE ISTA REVISTA, BEN CONCORDANTE CO REXI-
NALISMO SANO Y BIEN ENTENDIDO, QUE POR
EQUI PADECEN ALGUNHAS PERSONAS E ALGUNHAS
PUBLICACIÓNS, A SUA LABOURA CENTRALISTA E ALLEA
POR COMPREILO ÁS VERDADEIROS ARELAS DE GALIZA.

VEN ADICADO ISTO NÚMERO PRINCIPALMENTE O
SEGUNDO CURSO DE CONFERENCIAS DO CENTRO GALLEGOS,
QUE REMATOU C'UN AUTO DE CONFRATERNIDADE
IBRO-AMERICANA CONSISTENTE N-UN CHAMPAGNE
DE HONOR QUE TIRO UNHA CABECCERA, CO SEU CO-
RRESPONDENTE DISCURSO A CÁRREGO DO DR. SÁNCHEZ
MOSQUERA, DISCURSO DO QUAL NON PODEMOS
MENOS DE COPIAR O SEGUINTE PÁRRAFO:

«EL CENTRO GALLEGOS ES UN TEMPLO LEVENTADO
EN MONTEVIDEO PARA HONOR DE GALICIA ESPAÑOLA.
SINIFICA PARA LOS GALLEGO, LO QUE SINIFICA
EN DELFOS PARA LOS HELENOS EL TEMPLO DE VESTA.»

LIDO O QU'ANTECEDE, COMPRE PERGUNLAR QUE
UNIVERSIDADE DOUTOROU O SR. SÁNCHEZ MOSQUERA
E ADEVERIR O MESMO TEMPO O ARRISCADO ORADOR
QUE OS HELENOS TIÑAN TANTO QUE VER CON VESTA
COMO TEMOS NOS OS CHURINGAS AUSTRALIANOS, E
QUE EN DELFOS, SEDA DA PYTHIA, E LUGAR D'ADIVI-
NACIÓN, ENDEXAMAIIS S'IMISCUÍU O CULLO DE VESTA,
NUMEN ESCRUSIVAMENTE ROMANO.

POL-O DEMAS, A NÓS TENNOS SIN COIDADO QUE
O GOBERNO HESPAÑOL FAGA O SR. SÁNCHEZ MOS-
QUERA CABALEIRO DE CALQUERA ORDE E INCUSIVE
QUE O NOMEÉ VESTAL HONORARIO, MANDÁNDOLLE O
MESMO TEMPO UN ABANO PRÁ QU'AXUDE ALCEDER
OS LUMES PATRIOTEIROS.

NAÇÃO PORTUGUESA
Serie IV. num. I. tomo I.

TRAI: *Vigília das armas*, por M. M. - *Uma ro-
mântico esquecido*, por ANTONIO SARDINHA. -
O espírito medievico e o espírito humanista,
por o Dr. Ferreira Deusdado. - *A batalha de
Ourique*, pol-o General Victoriano José César.
A India e o ciclo da Pimenta, por J. Lúcio de
ACEVEDO. - *O feito da Carta*, por M. de Oliveira
Lima. - *Ecos*. - *A travez das revistas e dos
jornais*. - *Na Feira das Letras*.

UN SOIO COMENTARIO A ISTO NÚMERO: IRMANOS
INTEGRALISTAS PORTUGUESES: ATA CANDO VAN SEGUIR
DANDO FINO A CERTAS XENLES DE MADRI? OU É QUE
NON SE DECATARON AINDA DE QUE CERTOS AGARIMOS
SON AGARIMOS DE XUDAS QUE CERTAS VOCES SON VO-
CES DE SIRENA? TEÑAN MAU E NON DEAN CRETO ÁS
CANTIGAS ROUCAS DE QUE NON QUER VER NO MEDI-
TERANEO OUTRA COUSA QUE UN ROMANISMO IM-
PERIALISTA E TRASNOITADO.

LA GACETA LITERARIA - 2º NÚM.

MÁIS INFORMATIVO QU'O PIRMEIRO E POL-O LENTO
MAIS VALIOSO, EN *Postales ibéricas e Postales
Internacionales Un Noiturnio de Blanco Amor*.
MUITA LITERATURA AMERICANA. ALGÚS ORIXINÁS.

SANATORIO QUIRURJICO

DIRETORES

Manuel Peña Rey
Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco
Cirugía geral
Especialista na gorrxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten todos os condicións precisas.—Practicase toda esas d'operacións.—Dotado de todos os adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas Instalacións de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fondo con voltaxe de 250,000 voltios,—Aparato de Diatermia pra tratamiento de Asteles, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera. Lámpara de cuero pra sol d'ellíptico e ultra violeta pra tratamento d'escrufulosos, rauquismo, alopecia, eczemas, etcétera. Admitense embarazadas, e contase con material esterilizado pra fora da cidade en casos d'urgencia.—Poden colaboraren todos os compañeiros, previo consentimento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Branco BRILLANTE. LOS GALLEGOS branco e tinto
Macia e Valeiras, Apartado 18--Ourense



F. ROMAN e SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE



LUIS FÁBREGA
Droguería e Farmacia

Progreso esquina a Luis Espada
OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plúmeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpa millor
Véndense en todos os establecimientos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Dr. MOSTEIRO

MÉDICO ODONTOLOGO

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia
SÁNCHEZ BREGUA, 5-1º

A CRUÑA

Augas bicarbonatado-sódicas de
MONDARIZ



FONTES DE GANDARA e TRONCOSO
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das
estacions de Porriño e Salvatierra de Miño
O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.^o de Mayo a 31 de Octubre